

**ACTA Reunión Mesa Xestión Integral de Residuos**

EMALCSA, Casa da auga, Manuel Murguía, s/N, 5º Planta, A Coruña

Data: 26 de maio de 2016.

Inicio: 13:00 hs., Fin: 14:20 hs.

---

Sendo as 13:00 horas do día 26 de maio de 2016, na Sala de Xuntas de EMALCSA reúne en sesión ordinaria a Mesa de Xestión Integral de Resiudos, asistindo á mesma:

**Coordinadores/as convocados/as e asistencia:**

- María García Gómez, Concelleira delegada de Medio Ambiente do Concello da Coruña
- Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas e Medio Ambiente do Concello de Oleiros
- Verónica Campos, Assora da Concelleira delegada de Medio Ambiente do Concello da Coruña
- Miguel Ángel Sandar Picado, Xerente do Consordio das Mariñas
- J. José Pernas García, Xefe de Servizo de Medio Ambiente
- Carlos Ameijenda Mosquera, Representante do Concello de Abegondo
- Inés Peleteiro López, Consorcio das Mariñas.
- Óscar Souto Muiño, Concello de Cambre

**En dita reunión desenvólvese o seguinte ORDE DO DÍA:**

- Réxime de funcionamento da Mesa
- Situación de partida e análise da situación (xudicial, posta en común de asistencias e contratos públicos na materia)
- Intercambio de información sobre ámbitos de actuación inmediata (asistencias técnicas, liñas prioritarias, plans e acción, campañas de sensibilización)
- Plan de traballo
- Rogos e preguntas

No desenvolvemento da reunión se segue o orden do día pre establecido, transcorrendo a reunión de acordo co que segue.

**1. Réxime de funcionamento da Mesa**

O coordinador do Concello da Coruña explicou o contido básico do réxime de funcionamento das mesas acordado pola Reunión de coordinadores/as e Coordinadore/as suplentes das mesas de traballo, que se celebrou o día 5 de maio de 2016.

**2. Situación de partida e análise da situación**

Os representantes do Concello da Coruña e do Consorcio das Mariña informaron dos conflitos xurídicos existentes coa empresa explotadora da planta de Nostián.

Os representantes do Concello da Coruña e do Consorcio das Mariña expuxeron a relación de contratos respectivos en vigor en materia de xestión de residuos, indicando en que fase de desenvolvemento se



atopan. Así mesmo, comentouse, con relación aos contratos que están na súa fase final de desenvolvemento, cal ía a ser o modelo a seguir para a súa licitación.

Falouse particularmente da data de duración do contrato de tratamiento de residuos de Nostián, a situación actual, as necesidades de renovación e de valoración económica. Indicouse que se ía iniciar o procedemento para a determinación do prazo de finalización do devandito contrato.

### 3. Intercambio de información sobre ámbitos de actuación inmediata

Os representantes do Concello da Coruña e do Consorcio das Mariña expuxeron as súas liñas de actuación prioritaria.

O representante do Consorcio fixo fincapé nas actuacións previstas e en desenvolvemento en materia textil, de aceites usado domiciliario e de minipuntos límpios.

A Concelleira delegada de Medio Ambiente expuxo o contido fundamental das actuacións previstas, facendo particular referencia aos eixes de actuación: xestión compartida colaborativa; ciclo integral da xestión de residuos urbanos; xeración de materia orgánica; me economía circular. Tamén fixo alusión a necesidade de poñer en marcha unha campaña conxunta de comunicación ambiental e a situación da negociación do Convenio da Xunta con ECOEMBES, cuestión esta última non incluída no acordo dos Alcaldes.

### 4. Plan de traballo

A Concelleira delegada de Medio Ambiente indicou que é preciso dispoñer datos suficientes e compartir información para coñecer a situación de partida.

Falouse tamén do nivel de desenvolvemento dos fitos recollido nos Acordos da Xuntanza de Alcaldes e Alcaldesas dos Concellos da área Metropolitana. Tratáronse particularmente o primeiros dous puntos:

- Elaboración da auditoría da planta de Nostián. A Concelleira delegada de Medio Ambiente informou de que se está a preparar a licitación para a realización da auditoría.
- Definición da fórmula xurídica que permita a xestión conxunta da Planta de tratamiento de Residuos Urbanos de Nostián. Indicouse que está en fase de estudio.

### 5. Rogos e preguntas

Non houbo rogos e preguntas.

### 5. Acordos adoptados:

1. Desenvolver as próximas reunións de seguimento de cumprimento dos fitos entre os representantes do Consorcio das Mariñas e os representantes do Concello da Coruña.
2. Intercambiar e compartir información sobre xestión de residuos sólidos urbanos e sobre as diferentes experiencias e iniciativas que se están a desenvolver.
3. Establecer liñas de colaboración entre o Concello da Coruña e o Consorcio no marco da negociación aberta entre a Xunta de Galicia e ECOEMBES.

4. Intercambiar información sobre o proceso para a licitación da auditoría da Planta de Nostián e desenvolvela nos prazos previstos, detallando o alcance, identificando o estado actual, as necesidades de renovación e a valoración económica. Estudar as posibilidades de promover experiencias piloto dentro da Planta co fin de obter compost de calidade (nave de volteo aeróbico).
5. Seguir traballando na definición da fórmula xurídica que permita a xestión conxunta da Planta de tratamiento de Residuos Urbanos de Nostián.
6. Realizar caracterizacións en contenedores e estudos sobre grandes produtores, polígonos, restaurantes, etc.
7. Realizar campañas de sensibilización conxuntas dando unha nova imaxe.

Non habendo más asuntos que tratar, sendo ás 14:20 horas, levántase a reunión.

A Coruña, 26 de maio de 2016

Asdo. Miguel Ángel Sandar Picado

Asdo. J. José Pernas García



